

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	IES San Clemente	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime de adultos

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A arte e a xeometría manteñen unha estreita relación que podemos atopar desde as creacións das máis antigas civilizacións ata as obras máis innovadoras realizadas na actualidade. O debuxo técnico é unha ferramenta básica e necesaria no desenvolvemento da actividade artística en calquera dos seus ámbitos.

A materia de DTAAPD ofértase ao alumnado da etapa de bacharelato na modalidade de Artes co obxectivo de desenvolver o currículo de debuxo técnico desde unha perspectiva na que non se perda de vista a conexión coa produción artística.

A materia, que se desenvolve nos dous cursos da etapa, relacionase con moitas das competencias clave e cos obxectivos do bacharelato, xa que promove e estimula a creatividade e as posibilidades de expresión do alumnado, consolida hábitos de disciplina e responsabilidade no traballo individual e en grupo, integra coñecementos científicos, estimula o razoamento lóxico para a resolución de problemas prácticos, desenvolve destrezas tecnolóxicas, competencias dixitais e fortalece capacidades.

A materia é eminentemente práctica e favorece metodoloxías activas nas que destaca a investigación, a experimentación, a proposta creativa e a posta en común do traballo individual e colectivo.

A incorporación de diferentes ferramentas e programas de deseño e debuxo en 2D e 3D contribúe a que o alumnado integre esta linguaxe e dótalo de competencias dixitais indispensables para o seu futuro profesional. Ademais, fomenta a participación activa do alumnado en igualdade, adoptando un enfoque inclusivo, non sexista e facendo especial fincapé na superación de calquera estereotipo que supoña unha discriminación.

As ensinanzas artísticas teñen, entre os seus obxectivos, proporcionar ao alumnado as destrezas necesarias para representar obxectos e espazos, comunicar ideas e sentimentos e desenvolver proxectos sinxelos. Entre estas ensinanzas atópase a materia de Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño, que adquire un papel especialmente relevante en todas aquelas disciplinas artísticas que requiren anticipar e comunicar aquilo que despois vai ser materializado, seguindo unhas pautas de representación que atenden a sistemas normalizados. A comprensión e o uso de diferentes construcións xeométricas e técnicas de representación mediante a realización de bosqueños, esbozos a man alzada, planos ou modelizacións dixitais é de grande importancia para desenvolver a creatividade do alumnado e fomentar unha comunicación máis efectiva, favorecendo ademais o desenvolvemento do pensamento diverxente, a observación, a transferencia a outras situacións, así como a comprensión da súa contorna. No primeiro curso da materia trabállanse transformacións e construcións xeométricas básicas, iníciase ao alumnado nos sistemas de representación, na normalización e no traballo con ferramentas dixitais en dúas e tres dimensións e, en todos os casos, propóñense aplicacións prácticas destes contidos en diferentes ámbitos da arte e do deseño.

Os criterios de avaliación e os contidos desta materia organízanse ao redor de catro bloques interrelacionados: No bloque "Xeometría, arte e contorna", o alumnado analiza a presenza da xeometría nas formas naturais e nas obras e representacións artísticas do pasado e do presente, e aborda o estudo das principais construcións e transformacións xeométricas para aplicarlas ao deseño gráfico, de patróns e mosaicos.

No bloque "Sistemas de representación do espazo aplicados", preténdese que o alumnado adquira os coñecementos necesarios para representar graficamente a realidade espacial ou comunicar o resultado final dun produto ou espazo que deseñaron, optando polo sistema representativo máis conveniente para o seu proxecto creativo.

No bloque "Normalización e deseño de proxectos", dótase o alumnado dos contidos necesarios para que a información representada sexa interpretada de forma inequívoca por calquera persoa que posúa o coñecemento dos códigos e normas UNE e ISO, co fin de elaborar, de forma individual ou en grupo, proxectos de deseño sinxelos.

Finalmente, no bloque "Ferramentas dixitais para o deseño", preténdese que o alumnado sexa capaz de utilizar diferentes programas e ferramentas dixitais en proxectos artísticos ou de deseño e que adquira un coñecemento básico que lle permita experimentar e, posteriormente e de forma autónoma, actualizar continuamente as súas habilidades dixitais e técnicas implicadas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Observar, analizar e valorar a presenza da xeometría na natureza, a contorna construída e a arte, identificando as súas estruturas xeométricas, elementos e códigos, cunha actitude proactiva de apreciación e gozo, para explicar a súa orixe, función e intencionalidade en distintos contextos e medios.	1-2		2	1	40	1		1-2
OBX2 - Desenvolver propostas gráficas e de deseño utilizando tanto o debuxo a man alzada como os materiais propios do debuxo técnico e elaborando trazados, composicións e transformacións xeométricas no plano de forma intuitiva e razoada, para incorporar estes recursos tanto na transmisión e desenvolvemento de ideas coma na expresión de sentimentos e emocións.	1		2		11-50			31-32-41-42
OBX3 - Comprender e interpretar o espazo e os obxectos tridimensionais analizando e valorando a súa presenza nas representacións artísticas, seleccionando e utilizando o sistema de representación máis adecuado para aplicalo á realización de ilustracións e proxectos de deseño de obxectos e espazos.			4		11-50		3	31-32-41-42
OBX4 - Analizar, definir formalmente ou visualizar ideas, aplicando as normas fundamentais UNE e ISO para interpretar e representar obxectos e espazos, así como documentar proxectos de deseño.	2		4	3	50		3	32-41-42
OBX5 - Integrar e aproveitar as posibilidades que ofrecen as ferramentas dixitais, seleccionando e utilizando programas e aplicacións específicas de debuxo vectorial 2D e de modelaxe 3D para desenvolver procesos de creación artística persoal ou de deseño.		1-2	3	2-3	50		3	31-41-42

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A xeometría na natureza e na contorno. O debuxo	Preséntaranse aspectos estruturais da presenza natural da xeometría, como equilibrio e eficiencia mecánica e algúns modelos de crecemento orgánico. Asemade se fará unha introdución aos tipos de	8	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A xeometría na natureza e na contorno. O debuxo	debuxo en función da finalidade que se teña.	8	11	X		
2	A xeometría na arte	Esta unidade afonda na historia da xeometría na arte occidental, tendo en conta os fitos que marcaron o seu desenvolvemento.	8	11	X		
3	Xeometría na composición	Esta unidade afonda no estudo da proporción como experiencia visual e formal, facendo fincapé nas estratexias do módulo e o canon	8	11	X		
4	Os polígonos	Aspectos relacionados cos polígonos: clasificación, características y trazados geométricos. Trazos de formas poligonais utilizando instrumentos convencionais de debuxo sobre taboleiro, seguindo un esquema paso a paso ou partindo dunha figura de análise.	9	12	X		
5	Tanxencias e enlaces	Estúdanse dous métodos de resolución de tanxencias, o dos lugares xeométricos e o das dilatacións, e a súa aplicación nos problemas básicos	9	12		X	
6	Proporcionalidad e semellanza. Escalas	Definición de proporción e semellanza, para a súa aplicación no uso das escalas no debuxo técnico.	8	12		X	
7	Sistema diédrico I	Sistema diédrico como sistema de representación. O concepto de proxección. Fundamentos do sistema. O punto, a recta e o plano	9	12		X	
8	Sistema diédrico II	Afondáse sobre as relacións entre os elementos fundamentais, entre outras as relacións de pertenza e distancia	8	12		X	
9	Sistema axonométrico. Packaging.	Fundamentos e tipos. Isométrico. Dimétrico. Trimétrico. Coeficientes de redución. Aplicacións da isométrica. Perspectiva cabaleira. Perspectiva militar. Trazado de eixos, figuras e sólidos. Aplicacións das perspectivas cabaleira e militar. O packaging no deseño.	9	12			X
10	Sistema cónico	Elementos do sistema cónico (plano do cadro, plano xeometral, puntos singulares, liñas singulares). Perspectiva cónica frontal. Perspectiva cónica oblicua.	8	12			X
11	Normalización. Bosquexos e croquis.	Concepto de normalización. Tipos de normas. Formatos de papel e tipos de liña. Vistas de pezas. Cortes e seccións. Acoutamentos.	8	12			X
12	Novas tecnoloxías.	As novas tecnoloxías no debuxo técnico (programas de software libre para o debuxo técnico nas artes plásticas e no deseño).	8	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A xeometría na natureza e na contorno. O debuxo	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer diferentes tipos de estruturas, formas e relacións xeométricas na natureza, na contorna urbana, na arte e no deseño, e tamén nos elementos da vida cotiá, analizando a súa función e valorando a importancia dentro do contexto histórico e social no que aparecen.	50%	PE	100
CA1.3 - Transmitir ideas, sentimentos e emocións mediante a realización de estudos, esbozos e apuntamentos do natural a man alzada, identificando a xeometría interna e externa das formas e apreciando a súa importancia no debuxo de obxectos e a composición no cadro.	50%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A xeometría na natureza, na contorna e na arte. Observación directa e indirecta. - Relacións xeométricas na arte e no deseño: proporción, igualdade e simetría. O número áureo na arte e na natureza. - Estudos a man alzada da xeometría interna e externa da forma. Apuntamentos e esbozo.

UD	Título da UD	Duración
2	A xeometría na arte	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer diferentes tipos de estruturas, formas e relacións xeométricas na natureza, na contorna urbana, na arte e no deseño, e tamén nos elementos da vida cotiá, analizando a súa función e valorando a importancia dentro do contexto histórico e social no que aparecen.	50%	PE	100
CA1.3 - Transmitir ideas, sentimentos e emocións mediante a realización de estudos, esbozos e apuntamentos do natural a man alzada, identificando a xeometría interna e externa das formas e apreciando a súa importancia no debuxo de obxectos e a composición no cadro.	50%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A xeometría na natureza, na contorna e na arte. Observación directa e indirecta. - A representación do espazo na arte. Estudos sobre a xeometría e a perspectiva ao longo da historia da arte. - Relacións xeométricas na arte e no deseño: proporción, igualdade e simetría. O número áureo na arte e na natureza. - Estudos a man alzada da xeometría interna e externa da forma. Apuntamentos e esbozo.

UD	Título da UD	Duración
3	Xeometría na composición	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer diferentes tipos de estruturas, formas e relacións xeométricas na natureza, na contorna urbana, na arte e no deseño, e tamén nos elementos da vida cotiá, analizando a súa función e valorando a importancia dentro do contexto histórico e social no que aparecen.	50%	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A xeometría na composición. - Relacións xeométricas na arte e no deseño: proporción, igualdade e simetría. O número áureo na arte e na natureza. - Estudos a man alzada da xeometría interna e externa da forma. Apuntamentos e esbozo.

UD	Título da UD	Duración
4	Os polígonos	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Debuxar formas poligonais e resolver tanxencias básicas e simetrías aplicadas ao deseño de formas, valorando a importancia da limpeza e a precisión no trazado co instrumental de debuxo técnico.	50%	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Construcións poligonais. Aplicación no deseño.

UD	Título da UD	Duración
5	Tanxencias e enlaces	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Debuxar formas poligonais e resolver tanxencias básicas e simetrías aplicadas ao deseño de formas, valorando a importancia da limpeza e a precisión no trazado co instrumental de debuxo técnico.	50%	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tanxencias básicas. Curvas técnicas. Aplicación no deseño.

UD	Título da UD	Duración
6	Proporcionalidad e semellanza. Escalas	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar bosquexos e esbozos conforme á norma UNE ISO comunicando a forma e as dimensións de obxectos, propoñendo ideas creativas e resolvendo problemas con autonomía, limpeza e precisión.	50%	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Escalas numéricas e gráficas. Construción e uso.

UD	Título da UD	Duración
7	Sistema diédrico I	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Diferenciar as características dos distintos sistemas de representación seleccionando en cada caso o sistema máis apropiado á finalidade da representación.	50%	PE	100
CA2.5 - Realizar bosquejos e esbozos conforme á norma UNE ISO, comunicando a forma e as dimensións de obxectos, propoñendo ideas creativas e resolvendo problemas con autonomía, limpeza e precisión.	50%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concepto e tipos de proxección. Finalidade dos distintos sistemas de representación. - Sistema diédrico ortogonal no primeiro diedro. Vistas en sistema europeo.

UD	Título da UD	Duración
8	Sistema diédrico II	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Diferenciar as características dos distintos sistemas de representación seleccionando en cada caso o sistema máis apropiado á finalidade da representación.	50%	PE	100
CA2.2 - Representar obxectos sinxelos mediante as súas vistas diédricas en sistema europeo.	50%		
CA2.5 - Realizar bosquejos e esbozos conforme á norma UNE ISO, comunicando a forma e as dimensións de obxectos, propoñendo ideas creativas e resolvendo problemas con autonomía, limpeza e precisión.	50%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sistema diédrico ortogonal no primeiro diedro. Vistas en sistema europeo.

UD	Título da UD	Duración
9	Sistema axonométrico. Packaging.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Diseñar envases sinxelos representándoos de forma clara e precisa en perspectiva isométrica ou cabaleira seleccionando en cada caso o sistema máis apropiado á finalidade da representación e reflexionando sobre o proceso realizado e o resultado obtido	50%	PE	100
CA2.5 - Realizar bosquejos e esbozos conforme á norma UNE ISO, comunicando a forma e as dimensións de obxectos, propoñendo ideas creativas e resolvendo problemas con autonomía, limpeza e precisión.	50%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Perspectivas isométrica e cabaleira. Iniciación ao deseño de packaging.

UD	Título da UD	Duración
10	Sistema cónico	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Debuxar ilustracións ou viñetas aplicando as técnicas da perspectiva cónica na representación de espazos, obxectos ou persoas desde distintos puntos de vista.	50%	PE	100
CA2.5 - Realizar bosquejos e esbozos conforme á norma UNE ISO, comunicando a forma e as dimensións de obxectos, propoñendo ideas creativas e resolvendo problemas con autonomía, limpeza e precisión.	50%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Aplicación da perspectiva cónica, frontal e oblicua ao cómic e á ilustración.

UD	Título da UD	Duración
11	Normalización. Bosquexos e croquis.	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Diferenciar as características dos distintos sistemas de representación seleccionando en cada caso o sistema máis apropiado á finalidade da representación.	50%	PE	100
CA3.2 - Representar obxectos sinxelos mediante as súas vistas diédricas no sistema europeo.	50%		
CA3.3 - Diseñar envases sinxelos representándoos de forma clara e precisa en perspectiva isométrica ou cabaleira, seleccionando en cada caso o sistema máis apropiado á finalidade da representación e reflexionando sobre o proceso realizado e o resultado obtido.	50%		
CA3.4 - Realizar bosquexos e esbozos conforme á norma UNE ISO, comunicando a forma e as dimensións de obxectos, propoñendo ideas creativas e resolvendo problemas con autonomía, limpeza e precisión.	50%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concepto de normalización. As normas fundamentais UNE e ISO. - Documentación gráfica de proxectos: necesidade e ámbito de aplicación das normas. - Elaboración de bosquexos e esbozos.

UD	Título da UD	Duración
12	Novas tecnoloxías.	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Representar obxectos sinxelos mediante as súas vistas diédricas en sistema europeo.	50%	PE	100
CA4.2 - Diseñar envases sinxelos representándoos de forma clara e precisa en perspectiva isométrica ou cabaleira, seleccionando en cada caso o sistema máis apropiado á finalidade da representación e reflexionando sobre o proceso realizado e o resultado obtido.	50%		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Realizar bosquejos e esbozos conforme á norma UNE ISO, comunicando a forma e as dimensións de obxectos, propoñendo ideas creativas e resolvendo problemas con autonomía, limpeza e precisión.	50%		
CA4.4 - Adquirir destrezas no manexo de programas, ferramentas e técnicas de debuxo vectorial en 2D, aplicándoos á realización de proxectos de deseño.	50%		
CA4.5 - Iniciarse na modelaxe en 3D mediante o deseño de esculturas ou instalacións, valorando o seu potencial como ferramenta de creación e expresión.	50%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ás ferramentas e ás técnicas de debuxo vectorial en 2D. Aplicacións ao deseño gráfico. - Iniciación á modelaxe en 3D. Aplicacións a proxectos artísticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O punto de partida é unha aprendizaxe significativa que sirva ao alumnado para aprender a aprender considerando ao docente como unha guía e mediador na actividade construtiva do alumnado.

O proceso de ensino - aprendizaxe entendemos que debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas e asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memoria comprensiva. A aprendizaxe parte dos fundamentos sobre o debuxo técnico e da arte, que o alumnado adquiriu en etapas anteriores. As novas aprendizaxes baséanse neles, co que o alumnado toma conciencia da utilidade do xa aprendido.

- Posibilitar que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativos por si sós. A materia está relacionada e así quedará patente, con outras do Bacharelato, especialmente con matemáticas, tecnoloxía e a maioría das da modalidade de Artes, contribuíndo así, a unha concepción integradora do coñecemento e permitindo a formulación de accións educativas interdisciplinares. A potenciación do uso de ferramentas (escuadra e cartabón, compás...) e debuxo a man alzada, permite non só o desenvolvemento da destreza manual, senón tamén a autonomía progresiva do alumnado. A adquisición de coñecementos require da súa posta en práctica con exercicios e actividades de aplicación, que perseguen a resolución de problemas xeométricos mediante a reflexión sobre os conceptos aprendidos, evitando a resolución mecánico - memorística.

- Favorecer situacións nas que os alumnos e alumnas deben actualizar os seus coñecementos. A escala e a normalización son conceptos - base que dotan ao debuxo técnico do seu carácter obxectivo e universal. O alumnado será consciente diso ao utilzalos na interpretación de planos, emprego dos distintos sistemas de representación, aplicación das escalas a todo tipo de debuxos, etc.

- Proporcionar situacións de aprendizaxe que tienen sentido para los alumnos e alumnas, co fin de que resulten motivadoras. O uso no posible de obxectos da contorna, como base das actividades, permitirá ao alumnado establecer conexións entre o debuxo e a realidade, e facilitará a asimilación dos conceptos. A materia mostrará as súas profundas vinculacións coa arte e coa técnica. É un cualificado instrumento de análise da lectura de producións artísticas, enriquecendo notablemente os medios de expresión e facendo posible a comprensión e construción do produto técnico. O respecto polas producións e opinións alleas e a participación en procesos de intercambio de opinión na aula e nos foros poñen en práctica a educación para a paz, a educación cívica e a educación intercultural. O coidado do material propio e alleo, o rigor, a orde, a precisión e a perseveranza nas tarefas emprendidas desenvolven a educación ambiental, a educación para o consumo e a educación para a saúde.

- Desenvolver, tratándose da modalidade de educación a distancia a autonomía do alumnado. Na modalidade de educación a distancia, a persoa docente debe actuar como titor nun proceso de aprendizaxe que require incidir nun

modo importante na capacidade do alumnado para desenvolver capacidades referidas á organización e autoxestión responsable e eficaz do seu tempo e capacidades, atonomía na aprendizaxe, constancia e autoavaliación.

En coherencia co exposto os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

- Metodoloxía activa _ supón atender a aspectos intimamente relacionados, referidos ao clima de participación e integración do alumnado no proceso de aprendizaxe: Integración activa dos alumnos e alumnas na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes. Participación no desenvolvemento do proceso de ensino / aprendizaxe.
- Motivación _ Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos e alumnas.
- Atención a Diversidade do alumnado _ A nosa intervención educativa cos alumnos e alumnas asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.
- Avaliación do proceso educativo _ A avaliación concíbese dunha forma holística, e dicir, analiza todos os aspectos do proceso educativo e permite a retroalimentación, a achega de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto.

PROCESO DE ENSINO - APRENDIZAXE

O traballo co alumnado estrutúrase cara a unha forma activa dos procesos de aprendizaxe, canalizando ao alumno cara á autoaprendizaxe. Dado o carácter práctico da materia, unha metodoloxía activa é a máis adecuada e aplicarase apoiándonos nos puntos seguintes:

- Comezase estimulando o interese do alumno, presentando a materia coma linguaxe universal e obxectiva co que será capaz de expresar con exactitude as formas imaxinadas e comprender as representadas por outros. Con esta linguaxe será posible comprobar o exposto polo docente e investigar sobre iso aplicando o método científico ao debuxo técnico.
- No proceso de ensino - aprendizaxe débense establecer as relacións entre o que o alumnado coñece e o que está a aprender, para que observe como os seus coñecementos ampliáanse.
- Fomentárase o estudo, a participación e a investigación ao expoñer o tema, convidando o alumno a descubrir o que ten que aprender.
- As explicacións deben ser sinxelas e claras proporcionando sen ambigüidade os exemplos concretos do que pretendemos dicir.
- O alumnado debe adquirir confianza en si mesmo e fixar as ideas fundamentais que lle permitan profundar na materia (sempre do simple ao complexo, sen saltarse pasos).
- Seguiranse sempre métodos xerais baseados en razoamentos e teoremas da xeometría métrica.
- É preciso convencer ao alumno de que, ao coñecemento de principios, propiedades e teoremas, debe acompañarlle sempre a práctica, pois pola contra a profundización e o dominio da materia non serán posibles.
- Na resolución de problemas xeométricos débese seguir o método de análise e síntese, suponse o problema resolto e razónanse as propiedades necesarias para a solución do problema e, coñecidos os pasos que se deben seguir, aplícase o método de síntese para chegar á solución aplicando as condicións suficientes. Unha vez pensadas as posibles vías mediante bocexos a man alzada, elíxese a vía resolución como síntese das reflexións efectuadas aplicando as condicións suficientes. Esta formulación pode aplicarse dende o primeiro momento para que o alumnado saiba empregar adecuadamente os seus coñecementos e seleccionar o mellor modo de resolver cada problema.
- Nos sistemas de representación resultará útil expor os mesmos problemas en diédrico e axonométrico para comparar as posibilidades que ofrece cada un deles. Por exemplo, se se pide resolver un problema en diédrico, o debuxo nun sistema axonométrico servirá como figura-análise.
- Desenvolvida a capacidade de representar é necesario adquirir a de transmitir o representado en unidades de información obxectivas que convertan a un proxecto nunha intención realizable. Xorde entón a necesidade de presentar a Normalización como un conxunto de convencionalismos codificados de uso nacional e internacional, que dotan ao debuxo técnico de puntualizacións de igual obxetividade que as representacións gráficas. É conveniente a incorporación paulatina dos convencionalismos da normalización neste tipo de traballos para que o alumnado os interiorice gradualmente.
- Unha vez suscitada a necesidade e importancia das normas, convén facer unha breve apunta histórica, apuntar a súa orixe e evolución, para pasar despois a analizar os distintos tipos que seguen en vigor, centrando a atención ás que afectan ao debuxo técnico no ámbito nacional e internacional.

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

- Exercicios autoavaliáveis: Cada unidade didáctica conta cun boletín de exercicios e problemas para resolver por parte do alumnado, tendo así mesmo acceso a o solucionario para autoavaliar o seu nivel de consecución.
- Exercicios para enviar ao titor: cada dúas quincenas o alumnado conta cun boletín de exercicios e problemas para

resolver por parte do alumnado e enviar á persoa titora. Permete á persoa docente seguir o proceso de aprendizaxe do alumnado e a éste comprobar, cas indicacións da persoa docente, o seu nivel de adquisición dos contidos.

- Exercicios de reforzo e ampliación: Cada unidade didáctica, atendendo ás necesidades individuais de cada alumna e alumno, a persoa docente deseñará actividades que poidan valer de reforzo ou apoio, ou ben de ampliación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Guía electrónica do alumnado
Vídeos, animacións, screencasts...
Recursos web
Material propio de debuxo técnico

Ao tratarse de educación a distancia, cada Quincena o alumnado pode acceder a través da Plataforma das Guías nas que conta cos Obxectivos do tema, Documento Didáctico, Preguntas Frecuentes, Exercicios Autoavaliáveis e as súas solucións e Vídeos titoriais. Por outra banda, conta co menú Apuntamentos, onde o docente colga clases gravadas, vídeos titoriais, exemplos de exercicios resoltos paso a paso, esquemas e resumos, etc. O profesor pode modificar brevemente o contido das Guías da Plataforma e adaptalo mellor á programación.

O alumnado pode acceder ás clases vía online ou ben pode asistir ás titorías multimedia, excepcionalmente ofreceráse titorías presenciais, debido a situación da pandemia. Tamén dispón de vías como o teléfono ou o correo web para estar en contacto co docente.

O apoio gráfico á explicación pode desenvolverse en diversas formas, en función da intención educativa que se persiga en cada momento: Presentación en pantalla de proxeccións (programa utilizado: Power Point), visualización de documentos PDF con exercicios resoltos, screencats ou vídeos titoriais, e utilización da pizarra para exposicións colectivas ou particularizadas de contidos conceptuais, onde o docente e o alumnado poidan interactuar de forma online.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Non procede

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	9	9	8	9	8	9	8
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	100	100	100

Criterios de cualificación:

Será posible superar o curso por avaliacións, cunha única avaliación suspensa, sempre que a nota desta sexa un 4 e a suma das cualificacións obtidas nas tres avaliación do curso sexa 15 ou superior

Exames: Constarán de preguntas tipo test teóricas así como algunha de definición, pero ademáis haberá exercicios propios de resolución do debuxo técnico. Se se detecta que a alumna ou alumno ten realizado algunha das probas obxectivas con métodos ilícitos (é dicir copiou), de calquera natureza, xa sexa electrónica, escrita, gráfica, etc., a persoa docente impondrá como sanción punitiva unha nota de cero no devandito exame. Ademáis, porase en comunicación o feito á Xefatura de Estudos para a sanción correspondente segundo o réxime disciplinario interno en vigor.

En relación á asistencia en data e hora ao exame, non se considerará a diferenza entre faltas xustificadas e inxustificadas, xa que todas se considerarán por igual como faltas de asistencia e polo tanto constarán como non presentado.

Nas probas obxectivas ou exames teránse en conta a redacción, ortografía e presentación, así como a limpeza nos exercicios de debuxo técnico propiamente ditos.

Exercicios de envío á persoa titora: Ao tratarse dunha modalidade de educación a distancia, tense en conta a situación particular do noso alumnado. Tanto as tarefas autoavaliáveis como os exercicios de envío á persoa titora non se consideran obrigatorios.

De igual modo si se comproba que o alumno ou alumna ten reproducido de maneira literal as fontes consultadas nos traballos e actividades, dita proba terá unha cualificación negativa. Nos exercicios de definición de conceptos e análise e comentario de imaxes teránse en conta a redacción, ortografía e presentación.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non acade un mínimo de 15 ó sumar as tres avaliacións, ou non se presentara nalgunha delas; terá que recuperar as avaliacións suspensas, ou non presentadas, no exame final. Para superar a materia terá que obter un mínimo de 15 sumando as notas das avaliacións ordinarias aprobadas cas das avaliacións recuperadas no exame final. Tamén neste caso; se nunha das avaliacións, e soamente nunha delas, se sacara un 4, éste poderá ser compensado cas notas das outras dúas avaliacións sempre e cando a suma das tres avaliacións siga sendo como mínimo de 15.

O alumnado que teña toda a materia suspensa, ou non se presentou, terá que facer un exame final de toda a materia. Para aprobar será necesario superar este exame cunha nota alomenos dun 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado deberá ter nocións de xeometría, tanto a nivel matemático coma de debuxo técnico, aínda que ao largo do curso repasaránse eses coñecementos que poderían estar olvidados.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade dos alumnos e alumnas, no referente ás diferenzas individuais en capacidades, motivación e intereses, esixe que as materias curriculares posibiliten unha acción aberta do profesorado, de forma que, tanto o nivel dos contidos como as formulacións didácticas, poidan variar segundo as necesidades específicas da aula. Os materiais configuráronse tendo isto en conta. Pretenden propoñer solucións coherentes tanto para aqueles grupos de alumnos e alumnas con menor formación específica nestas áreas como para aqueles que tiveron a posibilidade de realizar estudos máis amplos en materias como Debuxo Técnico.

Esta formulación queda de manifesto nos seguintes puntos:

- Dentro dos documentos das Guías, así como nas titorías e screencats, refórzanse contidos estudados en etapas anteriores, particularmente no segundo ciclo da ESO. Desta maneira, aqueles alumnos con máis dificultades poderán ir asimilando os contidos de cada tema sen ter que dar saltos bruscos.
- Así mesmo, son expostos fenómenos que poden presentar máis dificultade para algúns alumnos e alumnas, ou se amplían determinados aspectos doutros contidos xa estudados. Deséxase así satisfacer as necesidades daquel alumnado máis adiantados ou, simplemente, os que chegaron a un uso determinado cunha mellor preparación.
- A elaboración de materiais de forma diversa para a súa exposición, así como o uso de medios audiovisuais, favorece a integración dos contidos por parte dun alumnado con moi diversas motivacións e capacidades.
- A inclusión de numerosos exemplos e problemas resoltos de dificultade variada debe servir para adquirir técnicas de resolución complicadas a aqueles alumnos e alumnas cunha formación máis deficiente neste campo.
- A presenza continua das actividades ao longo de todo o tema e a diferente dificultade dos problemas propostos facilitan a adecuación ao nivel do alumnado.
- A inclusión de contidos relacionados co Debuxo Técnico, a Tecnoloxía as Matemáticas e a sociedade, cultura e arte permite satisfacer as demandas do alumnado en función do tempo dispoñible e servir como punto de partida para a procura de información e o estudo doutros contidos similares.

Por outra banda, procurarase manter un frecuente contacto co noso alumnado, xa sexa na aula, nos foros e correo electrónico da Aula virtual ou por teléfono. Deste xeito, a persoa docente pode detectar os niveis de adquisición e logros do alumnado e deseñar materiais e actividades voluntarias dirixidas ao alumnado:

- Materiais didácticos e Actividades de apoio ou reforzo: Para o alumnado que non acade os obxectivos mínimos no tempo establecido ou que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento.
- Materiais didácticos e Actividades de ampliación: Para o alumnado que acada rapidamente os obxectivos, consistentes na procura de información dalgún contido do tema.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Contribución ao Proxecto Lingüístico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Contribución ao Proxecto das TICs	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Contribución ao Plan de Convivencia	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Contribución ao Proxecto Lingüístico	X	X	X	X
ET.2 - Contribución ao Proxecto das TICs	X	X	X	X
ET.3 - Contribución ao Plan de Convivencia	X	X	X	X

Observacións:

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO Coa finalidade de potenciar o coñecemento e o uso da lingua galega, procurarase: Usar preferentemente o galego como vía de comunicación habitual, salvo excepcións. Realizar as comunicacións escritas do centro en lingua galega. Sempre que sexa oportuno os documentos presentaranse ao alumnado en galego. Na selección de textos ou libros de lectura, sen menoscabo do contido, priorizaranse en galego. **CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO DAS TICS** No sistema de ensino en este centro a distancia o uso das TICs é un dos instrumentos e recursos básico de aprendizaxe e de comunicación entre alumnado e profesorado. Sempre debemos fomentar que o alumnado saque o máximo proveito destes recursos e desenvolva a súa autonomía. En esta liña de actuación dende este departamento procurarase: Estimular ao alumnado no uso de todas as utilidades da plataforma educativa para que consigan un maior aproveitamento das súas posibilidades (foros, FAQs, correo, fonoteca,...) Fomentar a busca selectiva de información en internet de forma precisa e rápida. Para conseguir este obxectivo a información que se facilite ao alumnado deberá ser ordenada, diferenciando os documentos de obrigado estudo, dos que sexan de ampliación. Evitando o exceso de información. Gravar temas en vídeo como elemento facilitador da aprendizaxe. **CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA** Considerando que a calidade da convivencia dentro de calquera colectivo e da comunidade educativa en especial, é un factor clave para o bo funcionamento do centro, inténtase: Manter e fomentar o espírito de compañeirismo, colaboración e respecto nas relacións coas demais persoas. Para conseguir este obxectivo usaremos o diálogo como medio de resolución de conflitos. A escoita e as respostas de forma respetuosa e tolerante, coas opinións e diverxencias dos demais, serán as liñas base de actuación. Usar en todo momento unha linguaxe non sexista, non discriminatoria por motivos de xénero, etnia, ideoloxía...

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a exposición Steven Meisel	Organización de saída cultural A Coruña, para a visita da exposición organizada polo grupo Artefacto, do fotógrafo Steven Meisel			

Observacións:

Difusión, a través da web do instituto, de eventos, descubrimentos, noticias en xeral, que resulten relevantes para a temática que se abarca nesta materia. Faise difícil facer visitas a exposicións, en colaboración con outros departamentos do ámbito, dependendo das programacións anuais das diversas institucións, museos, etc.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
PLANIFICACIÓN: teranse en conta diferentes aspectos, como a temporalización e secuenciación de contidos, a programación de actividades e estratexias de aprendizaxe, ou a flexibilidade para afrontar as especificidades da aula.
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO: valorarase a organización das unidades para facilitar o proceso de ensino - aprendizaxe o alumnado, así como a relación dos contidos con referentes da realidade. Ademais do seguimento dos progresos e dificultades encontrados polo alumnado.
DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA: valorase a organización dos contidos da materia en relación cas actividades, así como a comprensibilidade das explicacións e a adaptabilidade dos exercicios
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA - APRENDIZAXE: neste ámbito valorase o seguimento das diferentes estratexias para facilitar o proceso do ensino - aprendizaxe, revisando a idoneidade tanto da materia coma das actividades, así como os exercicios do alumnado co fin de mellorar a súa aprendizaxe.

Descrición:

A reflexión sobre o proceso de ensino e práctica docente ha de xirar entorno a catro aspectos fundamentais:

1. Planificación.
2. Motivación do alumnado.
3. Desenvolvemento da ensinanza.
4. Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Co fin de facilitar dita reflexión, este Departamento establece unha táboa cos diferentes apartados para cada indicador de logro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Mediante continuas reunións do profesorado da materia a través das reunións de coordinación do Departamento de Artes Plásticas, efectúase unha revisión crítica de carácter continuo sobre papel do profesor e o desenvolvemento da presente programación, de maneira que se poidan ir introducindo nesta os cambios aconsellables e pertinentes, dado o carácter flexible de calquera programación de aula de Bacharelato, e da presente en particular.

9. Outros apartados